



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 2 DE SETEMBRO DE 2024.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as vinte horas do día dous de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 20 DE AGOSTO DE 2024.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 20 de agosto de 2024.

2.- APROBACION PADRON COBRATORIO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS 2024.- Remitida pola A.E.A.T. a matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas correspondiente ao exercicio do 2024, procedeuse a súa exposición o público.

Por esta Entidade procedeuse á confección da correspondiente lista cobratoria do I.A.E. 2024.

Unha vez revisada a mesma, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o Padrón cobratorio do presente exercicio.

3.- AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2024-2025.- Pola Presidencia trátase o asunto da concesión de axudas aos alumnos matriculados no curso 2024-2025 no segundo ciclo de Educación Infantil ou nalgún curso de Educación Primaria ou Secundaria, e empadroados no municipio de Beade.

O importe a conceder sería de 30 € por alumno, previa petición dos interesados, sendo a concesión automática de reunir os requisitos para a obtención da axuda que se establecen na folla de petición da axuda, dado que existe crédito presupostario para atender tal gasto.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta da Presidencia, así como a folla de petición da axuda e requisitos nela establecidos.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as vinte horas e vinte minutos minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo. Fernando Taboada Guntín.



Asdo. Pablo Fernández Loureiro